UNIDADE 7: A FAMILIA E O PARENTESCO

EXERCICIOS DE APOIO

ACTIVIDADE 1

"O sociólogo Pierre Bourdieu ten insistido en que as formas de parentesco dunha comunidade non son algo ríxido que os individuos asumen e reproducen con obediencia cega, senón que son un amplo repertorio entre os que é posible decidir e responder a situacións vitais diversas. Neste sentido propón substituir a noción de "regras de parentesco" na análise social polo de "estratexias de parentesco". Para exemplificar o idóneo deste desprazamento teórico propoñemos o exemplo seguinte, real e non pouco habitual na Galiza de hai cen anos:

A principios do século XX, en 1914, a protagonista desta historia, veciña dun municipio costeiro galego, queda viúva aos poucos anos de casar. Era unha muller nova. Poucos meses despois pídelle ao irmá do seu marido morto, esto é, ao seu cuñado, que lle axude a ter un fillo, que ninguén mellor que el para facerlle ese favor. O cuñado accede a pesar de estar casado e vivir coa súa muller e os seus fillos na mesma parroquia. Uns meses despois nace o fillo que e rexistrado como "fillo natural" da nai, e polo tanto cos dous apelidos desta. Ninguén da veciñanza naqueles anos se estrañou con este "fillo de viúva" e sempre "se soubo" na parroquia quen era o "pai" biolóxico do rapaz. Era comprensible que aquela muller herdeira da facenda familiar cando estaba casada, unha vez viúva vería como a esa casa volvería algún irmán coa súa familia (muller e fillos) e ela se convertería na tía "solteira" que coidaría a casa, os descendentes e a facenda doutro. Ter un fillo, aínda sen marido (por estar solteira ou menos habitualmente viúva) era o modo de crear un grupo doméstico propio para as mulleres galegas naquela altura, con todo o que isto implicaba (herdar, mercar, etc…).Ser nai solteira en Galicia (a diferenza doutra partes da península Ibérica) era neste caso mellor que ser solteira sen fillos. Neste último suposto á muller esperáballe unha vida case de "criada" na casa dun parente. As implicacións laborais, económicas, de status social en definitiva, que para as mulleres tiña a maternidade explica esta historia e a

flexibilidade das estratexias de parentesco na adaptación a diferentes situacións"

EVA MOURIÑO

1.- Que significa a proposta de Pierre Bourdieu de substituir o termo de "regras de parentesco" polo de "estratexias de parentesco"?
2.- Por que a muller viúva deste caso recollido nunha parroquia galega e non estraño no momento, decide ter un fillo?
3.- A que forma de atención á viúva parece semellarse a estratexia desta muller?
4.- Cal era a alternativa para a muller se non tivera tido o seu fillo? Mellorou a súa perspectiva vital?

ACTIVIDADE 2

"Aínda e cando familia nuclear está presente na meirande parte das culturas humanas, é evidente que todas as culturas teñen formas alternativas de organización doméstica e que estas son con frecuencia máis importantes que a familia nuclear. Ademais as funcións sinaladas para as familias poden se realizar no contexto de institucións alternativas que a veces son totalmente alleas á esfera doméstica.
No caso da familia nuclear nas culturas industriais modernas isto é evidente con respecto á educación, Na vida contemporánea estas dúas funcións son cada vez máis un asunto non doméstico que ten lugar en edificios especiais –escolas- baixo a atención de especialistas cos que non se ten ningún lazo de parentesco –mestres e mestras-.
Moitas sociedades organizadas en bandas e aldeas tamén separan aos seus fillos e adolescentes da familia nuclear e o marco doméstico para ensinarlles os coñecementos e o ritual dos antepasados, a competencia sexual ou as artes militares... Outra célebre variante desta pauta dáse entre os masai de África oriental, onde os homes solteiros da mesma xeración ritualmente definida, ou grupo de idade, establecen aldeas especiais ou campamentos dende os que

lanzas expedicións bélicas e incursións para roubar gando. As súas nais e irmás levan as rendas da casa"

HARRIS: *Antropoloxía cultural*

1.- Defende o autor que a familia nuclear é a única forma posible de organización das familias?

2.- Que funcións atribuídas tradicionalmente á familia poden recaer noutras institucións?. Utiliza o exemplo do texto

3.- No caso dos masai, qué tipo de organización doméstica se "superpón" á familia nuclear?

ACTIVIDADE 3

"Nas sociedades non industriais, o matrimonio é un importante medio de crear ou manter alianzas máis aló do propio grupo de parentes. Moitas sociedades, como Kenia, permiten o matrimonio plural. La forma de poligamia (matrimonio plural) na que un home ten máis dunha esposa ten sido estudiada polos antropólogos, como tamén o máis raro costume da poliandria, pola que unha muller ten máis dun marido. O matrimonio adoita ser un compañeirismo doméstico, pero a esposa secundaria, que ás veces é elixida pola primeira esposa, pode ou non residir cerca dela. No caso do presidente keniata Mawai Kibaki, a segunda esposa ten a súa propia residencia e aparece mio discretamente nos eventos públicos aos que tamén acude a esposa senior. Durante miles de anos os ricos e poderosos, especialmente os gobernantes, teñen utilizado o matrimonio para concertar e manter alianzas, adquirir territorio ou garantir a base do seu poder. A monogamia crea alianza cun grupo, a poligamia con varios.

O matrimonio múltiple de Kibaki era algo coñecido durante décadas entre os seus amigos e familia, pero a maioría dos votantes keniatas enteráronse un domingo pola mañá cando un periódico escribiu un artigo sobre a segunda muller do presidente.

A poligamia parece perder o favor popular dalgúns grupos, especialmente entre algúns keniatas máis mozos, e Kibaki buscou non dar publicidade á súa vida particular. A pesar disto a vida familiar do presidente parece bastante pacífica. Lucy, a primeira esposa, vive co presidente dende os anos 60, e aparece como primeira dada en funcións ceremoniais. Sambiu, a segunda esposa, coa que se casou uns 10 anos despois, ocupa o rancho presidencial e nos actos oficiais adoita estar situada algunhas filas detrás da parella"

KOTTAK: *Antropoloxía cultural*

1.- Cal é o tema do texto
2.- En que sociedades e que avantaxes pode ter a polixinia?
3.- Como se denominan as dúas formas de matrimonio plural?
4.- Por que pensas que a polixinia non ten xa o apoio total da poboación segundo defende no texto Kottak?

ACTIVIDADE 4

"A secularización do matrimonio manifestase con maior claridade na cohabitación informal. Estas "unións consensuais" foron historicamente un antigo e estendido fenómeno entre moitos pobos. Eran tamén voi frecuentes entre a clase obreira das grandes cidades do século XIX, aínda que nun momento dado viñeron a ser consideradas propias de pobres e marxinados, co que en Europa caeron acusadamente ao longo do século XX. A nova "respetable" e socialmente importante cohabitación, tivo os seus comezos na década de 1970.... No Noroeste de Europa a cohabitación informal afectaba en 1995 a un porcentaxe que ía de un quinto (RU) a un cuarto /Suecia e Dinamarca) de todas as parellas. Nestes países, que constitúen a parte máis secularizada do mundo dende o punto de vista relixioso, a cohabitación informal se ten convertido na forma predominante de establecer a primeira parella"

TEZANOS e outros: *Clase, estatus e poder nas sociedades emerxentes*

1.- En que consiste na cohabitación informal da que se fala no texto?

2.- Cal é a tendencia na sociedade occidental dende o século XIX

3.- Que outras tendencias mostran na actualidade as familias occidentais?

ACTIVIDADE 5

Relaciona os conceptos de familia coa definición correspondente:

1. Nuclear
2. Extensa
3. Monogámica
4. Monoparental
5. Patriarcal
6. Polixínica
7. Poliándrica
8. Matriarcal

a. Familia formada por pais, fillos e outros parentes (abós, tíos, xenros, noras…)
b. Familia formada por fillos e un só proxenitor
c. Familia formada por pais e fillos
d. Familia formada en torno ao matrimonio de un só home con distintas mulleres
e. Familia formada en torno ao matrimonio de unha soa muller con distintas homes
f. Matrimonio entre dúas persoas
g. Familia na que o poder o ten a muller
h. Familia na que o poder o ten o home

RESPOSTAS

ACTIVIDADE 1

1.- Este autor defende que as regras de parentesco non son algo ríxido que nas comunidades os individuos tendan a reproducir sempre de forma idéntica e sen alteracións. Máis ben o que acontece é que os individuos tenden a buscar estratexias entre un repertorio amplo de posibilidades para buscar solucións en situacións vitais diversas.

2.- A muller, herdeira da facenda familiar e viúva sen fillos, teríase obrigada a traspasar o goberno da casa a algún irmá coa súa familia. A posibilidade de organizar a súa propia familia co seu fillo a facía que conservase a súa autonomía e non tivera que pasar a ocupar un lugar secundario na familia dalgún irmán.

3.- Ao levirato. O cuñado accede a facerlle o favor a pesar de estar casado e ter a súa propia familia. Poderíase tratar da obriga moral que sente o cuñado cara ela a causa da situación na que queda pola temperá morte do irmán. No entorno a aldea coñece a situación sen que crease estrañeza.

4.- A súa perspectiva vital mellorou moito. Crear o seu grupo doméstico incorporando a el ao seu fillo fai que poida quedar coa herdanza que recibiu, así como ter independencia á hora de xestionala, mercar, etc.. Non crear o seu grupo doméstico tería suposto que a casa tería sido xestionada por algún irmán seu e a súa familia e ela pasaría a ser unha “tía solteira”, o que podía ser practicamente ser “criada” na familia doutros. A súa situación laboral, económica e o seu status social mellora coa súa decisión, ante as alternativas menos desexables que tiña á vista.

ACTIVIDADE 2

1.- Non, Marvin Harris defende que a familia nuclear está presente en moitas sociedades (non en todas), pero mesmo nas que están presentes outras formas de organización que poden ser máis importantes que a familia nuclear.

2.- No texto Marvin Harris, conta o exemplo das funcións de socialización dos nenos e nenas, que na sociedade industrial son realizadas polas escolas e os/as profesores/as, cos que non hai relación de parentesco.

3.- A organización da aldea de varóns mozos.

ACTIVIDADE 3

1.- A polixinia

2.- Nas sociedades nos industriais é moi importante para os grupos familiares crear alianzas con outros grupos, o cal se pode facer a través do matrimonio.

Mentres a monogamia crea alianzas cun grupo, a poligamia crea alianzas con máis grupos.

3.- Polixinia (matrimonio dun home con varias mulleres), e poliandria (matrimonio dunha muller con varios homes)

4.- É posible que nalgúns grupos se teñan estendido as ideas occidentais en torno ao matrimonio monógamo. Por outra parte pode acontecer que para estes grupos a poligamia, ou a ampliación das posibilidades de alianza con outros grupos, non teña xa importancia ou non procure beneficios.

ACTIVIDADE 4

1.- Fundar unha unidade doméstica sen que medie matrimonio.

2.- No século XIX estaban estendidas, como acontece noutras culturas. Despois decaen ao ser asociadas aos pobres e marxinados, esta caída dura ata os anos 70 do século pasado, en que comezan a medrar. Neste momento a cohabitación sen matrimonio é algo aceptado socialmente e os seus índices aumentan, sendo moi altos nos países do noroeste de Europa, os máis secularizados. (Os índices no Estado español de cohabitación rondan o 25% de novas parellas en 2008; nos países citados teñen continuado aumentando dende o ano do dato que figura no texto)

3.- A extensión de familias monoparentais e outras formas familiares, o debilitamento dos lazos familiares como consecuencia da visión individualista das relacións sociais, a perda de forza do patriarcado ou o debilitamento das familias que se poden ver abocadas á exclusión social por razóns económicas.

ACTIVIDADE 5

	5-h
1-c	6-d
2-a	7-e
3-f	8-g
4-b	